

Para asegurar que algo é materia debemos comprobar que posúe esas dúas calidades básicas: masa e volume.

Observa

O aire é materia?



Comprobamos que ten masa



Collemos un globo sen inchar, colocámolo sobre unha balanza e vemos cal é a súa masa.



Inchamos o globo e deseguido volvemos pesalo.

Aumentou a masa, o que nos indica que o aire pesa. Polo tanto, ten masa.

Comprobamos que ten volume



Adaptamos un funil a unha botella axudándonos dun pouco de plastilina para que o aire non saia.

Cando comezamos a bolar auga no funil, percatarase de que non se pode encher a botella ata que saia o aire que ten dentro.



Outra forma de comprobalo é colocar firmemente un dedo sobre o extremo dunha xiringa que teña o émbolo baixado. Non é posible subir o émbolo.

O aire ocupa un lugar e, polo tanto, ten volume.

Comprobamos que o aire ten masa e volume. Polo tanto, **o aire é materia**.

2. Fixate nestes elementos e di cales son materia e cales non o son.



lapis - espello - envexa - o gas co que inchan os globos
tenrura - coraxe - a luz



3. Busca en Internet imaxes dos seguintes instrumentos para medir volumes: pipeta, bureta, probeta e matraz aforado. Debúxaos no teu caderno e explica a diferenza entre eles.



4. Nalgunhas películas vimos personaxes debaixo da auga cunha barca enriba e podendo respirar. É posible? Xustifica a túa resposta.

